



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE UN PROXECTO DE ORDENANZA:

Ordenanza reguladora do servizo municipal de subministración auga potabel no municipio de Lousame.

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza, debe realizarse unha consulta pública, a través do portal web do Concello, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solución alternativas regulatorias e non regulatorias

No cumprimento do anterior, e segundo o disposto na Orde PRE/1590/2016, do 3 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30.09.2016, polo que se ditan instrucións para habilitar a participación pública no proceso de elaboración normativa a través dos portais web, formúlase a seguinte consulta:

Prazo e lugar para facer chegar as opinións	Prazo: Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos plantexados nesta consulta, durante 15 días hábiles , a contar dende a publicación deste anuncio. Lugar: 1) a través da sede electrónica , cubrindo unha instancia xeral onde comunique o que considere relevante para ter en conta na elaboración do texto normativo; 2) presencialmente, no caso de persoas físicas, nas Oficinas Xerais, no seu horario de apertura.
Problemas que se pretenden solucionar coa nova ordenanza.	Preténdese adoptar medidas para unha adecuada xestión, explotación e mantemento das redes de abastecemento de auga potabel municipais a fin de dar satisfacción á cidadanía nas súas necesidades de auga potabel de calidade.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	Resulta de especial relevancia para este Concello acometer esta aprobación normativa dado que a preservación do medio e dos recursos naturais son unha prioridade e redundan nunha mellora na calidade de vida de todos o veciños.
Obxectivos da norma	É regular a prestación do servizo de subministración de auga potable no municipio de Lousame e os dereitos, deberes e obrigas das persoas usuarias.
Posibles solucións alternativas,	Despois dun análise previo da situación,



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

regulatorias e non regulatorias

considérase que a aprobación dunha ordenanza é a mellor solución regulatoria posible para garantir o correcto desenvolvemento da subministración de auga potabel; non atopando outras solucións alternativas, para acadar o dito fin.

En Lousame, na data da sinatura dixital.

A alcaldesa.
María Teresa Villaverde Pais.

PARTICIPACIÓN PÚBLICA EN PROXECTOS NORMATIVOS.